



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA DEZASETE DE OUTUBRO DO DOUS MIL OITO.

ASISTENTES:

ALCALDESA ACCIDENTAL:

D^a. María Loureiro García

CONCELLEIROS:

D^a. M^a. Isabel Rodríguez López, D. Rafael Luis Fernández Amor, D^a. Olga María Méndez Carro, D. Jesús Antonio Fernández Cal, D^a. María Concepción Toral Romero, D. Vicente Hermida Rodríguez, , D. Guillermo Leal Arias, D^a. Raquel Atadell Giz, D. Jesús Fernández Fernández, D. Celestino V. García Paz D^a. M^a. Carmen Gueimunde González, D^a. Vanesa Rego Martínez, D. Juan José Pardo Gato, D. José Antonio Goás Basanta e D. Orlando Expósito Mariño.

NON ASISTEN

D. Melchor Roel Rivas
D^a. Raquel Atadell Giz
D. Juan José Pardo Gato

SECRETARÍA

D^a. Sara Martínez Álvarez

INTERVENTOR

D. Fidel García Martul

Na Casa do Excmo. Concello de Viveiro, sendo as trece horas do dezasete de outubro do dous mil oito, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa accidental, D^a. María Loureiro García, coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a da Secretaria, D^a. Sara Martínez Álvarez, e o Interventor municipal, D. Fidel García Martul, celébrase a sesión extraordinaria do Pleno do Concello, en primeira convocatoria.

Á hora sinalada para este acto, pola Sra. Alcaldesa accidental declárase aberto o mesmo.

1º.- PROPOSTAS EN RELACIÓN COA ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRADA DO CASCO HISTÓRICO DE VIVEIRO:

1.1.- APROBACIÓN DE REAXUSTES PARA OS CONVENIOS DOS OBXECTIVOS 2005, 2006 E 2007, REFIRIDOS AO PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2005-2008.

Pola Sra. Alcaldesa accidental, D^a. María Loureiro García, sinálase que a Directora Xeral de Fomento e Calidade da Vivenda, solicitou desta Corporación que corrobore o acordo de reaxustes co novo financiamento en áreas de rehabilitación, cara á reunión na segunda quincena de mes de outubro da Comisión bilateral da vivenda, na que se asinarán os acordos referidos aos obxectos 2008 (Programa 2007-2008) do Plan estatal de vivenda 2005-2008, todo iso segundo anexo que se achega ao oficio da dita Dirección Xeral de 2 de outubro do 2008.

Á primeira Tenente de Alcalde, D^a. María Loureiro García, Presidenta da sesión expón que a Oficina de Rehabilitación de Viveiro, segundo manifestacións da Xunta de Galicia, é das que mellor funcionan. Seguidamente, fai un recoñecemento á traballadora de dita oficina, D^a. Elisa Pérez Polo,



falecida recentemente, que desempeñaba labores de administrativo nas tramitacións deses expedientes .

Aberta a quenda de intervencións, prodúcese as seguintes:

A do Voceiro do PS de G-PSOE, D. Rafael Luis Fernández Amor, dicindo que é un recoñecemento do feito da democracia que a presente sesión esta presidida por unha muller para, seguidamente, sinalar que van a votar a favor do asunto.

A do Voceiro do PP, D. Guillermo Leal Arias, que fai mención da contratada falecida, D^a. Elisa Pérez Polo, uníndose ás palabras ditas pola Sra Presidenta e, respecto ao asunto da Orde do Día, sinala que necesita que o Sr. Interventor lle indique se existe Partida orzamentaria no Presuposto municipal para sufragar os custos da aprobación destes reaxustes que se traen a esta sesión, e formula, en concreto, a seguinte pregunta ¿están consignadas estas cantidades no Orzamento municipal?.

O Sr. Interventor resposta que polo que se refire á parte privada, sí están consignadas. Que polo respecta á parte pública, non pode afirmalo porque se van a executar en Presupostos futuros, e non ten sentido trasladar a obriga do Concello a un exercizo orzamentario posterior. E que a parte correspondente ao Concello non é un ingreso afectado. Que se non hai remanente de Tesourería a 1 de xaneiro do 2009 e non está aprobado o Presuposto para ese ano, nesa data, non se podería considerar a existencia de consignación, pero que ao momento actual a consignación é a prevista.

O Voceiro do PP, ante a dita resposta volve a inquirir ao Sr. Interventor coa seguinte pregunta: ¿está perfectamente dotado no Presuposto?.

O Sr. Interventor lle contesta que xa lle deu a resposta que neste momento lle pode dar.

Ao que o Voceiro do PP volta a insistir nas verbas ditas, engadindo que se non se lle pode contestar nesta sesión, no momento de debatirse o asunto, que é cando se vota ...

Polo Concelleiro do BNG, D. José Antonio Goás Basanta, se manifesta o seu apoio coa proposta.

O Concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño, inicia a súa intervención dicindo que hai Partidas de anos anteriores e que el cre que sí está recollida no Orzamento do 2008:. Ao que o Sr. Interventor, previa petición á Presidencia, intervén para dicir que terá que comprobar ese extremo, porque nestes momentos non o pode afirmar. Continuando, na súa intervención o Concelleiro de IU-EU, manifestando que é normal que para o ano 2009 non sepa o Sr. Interventor o que se vai a consignar, pero que lle estrana moito que descoñeza o que hai na Partida para o ano 2008, pois este Orzamento atópase aprobado e en vigor. E continúa, falando sobre o grado de cumprimento dos Convenios de rehabilitación. Neste intre pola Secretaria do Concello se lle indica ao Concelleiro de IU-EU que a presente sesión ten carácter extraordinario e que é preceptivo que se traten os asuntos que figuran na Orde do Día, que son uns puntos concretos.

Pola Presidenta en funcións se lle permite continuar, preguntando o Concelleiro citado ¿por qué hai tantos retrasos para efectuar o pagamento das subvencións por rehabilitación no Casco An-



tigo, cando se trata de obras rematadas e co informe da Oficina do Casco, en sentido favorable?, e pregunta ¿quedará subsanado este retraso?.

Polo Sr. Interventor se resposta que mentras que non se cumpran os requisitos establecidos legalmente, non se poden aboar as axudas.

Volve a intervir o Voceiro do PS de G-PSOE, Sr. Fernández Amor, para dicir que os reaxustes para os convenios teñen uns efectos presupostarios, polo que el mesmo, se compromete a que se asumirá, nos exercizos vindeiros, a parte municipal, ao que o Voceiro do PP contesta que non dubida da boa fe do Concelleiro de Economía e Facenda, pero que si os Servizos económicos non o poden constatar ... ; non obstante, dí que o seu grupo vai apoiar a proposta, aínda que non polas aclaracións do Sr. Interventor.

Por alusións, o Sr. Interventor solicita intervir, manifestando que nesta proposta non se está aprobando ningún gasto para o Concello, senón un reaxuste das anualidades.

E o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (catorce), acorda:

PRIMEIRO.- Aprobamos os reaxustes propostos pola Dirección Xeral de Fomento e Calidade da Vivenda de actuacións en Áreas de Rehabilitación.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo á Oficina municipal de casco histórico para a súa remisión á Administración competente, así como ao departamento de Intervención.

1.2.- APROBACIÓN DA MEMORIA-PROGRAMA DA ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRADA DO CASCO HISTÓRICO DE VIVEIRO, FASE X.

Pola Sr^a. Alcaldesa accidental propónse a aprobación da Memoria-programa redactada pola oficina de Rehabilitación Integrada do casco histórico de Viveiro, Fase X,

Aberta a quenda de intervencións, prodúcese as seguintes:

A do Voceiro do PS de G-PSOE, D. Rafael Luis Fernández Amor, que manifesta que o seu grupo está conforme coa proposta.

A do Voceiro do PP, D. Guillermo Leal Arias, que dí que o seu grupo votará a favor e que desexarían que se poidesen realizar máis rehabilitacións subvencionadas.

Polos Concelleiros do BNG e IU-EU, D. José Antonio Goás Basanta e D. Orlando Expósito Mariño, se indica, igualmente, a súa conformidade coa aprobación do asunto.

E o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (catorce), acorda:

PRIMEIRO.- Aprobamos a Memoria-programa obxectivos 2008 da Área de Rehabilitación Integrada do casco histórico de Viveiro, Fase, X.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo á Oficina municipal de casco histórico para a súa remisión á Administración competente, así como ao departamento de Intervención



E sen máis asuntos a tratar, o Sr. Alcalde da por rematada a sesión, cando son as trece horas e vinte minutos esténdendose de todo o tratado a seguinte acta, da que eu, Secretaria, dou fe.